

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se incorporan tres novos procedementos ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.*

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, novos procedementos, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

### DISPOÑO:

#### Artigo único

1. Inclúense no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño (procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia), e quedan pois, habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º, os seguintes procedementos:

IN841G.-Dotación de unidades de I+D dentro das empresas.

IN841H.-Investimentos innovadores.

IN411B.-Autorización/inscrición como entidade colaboradora para renovación de equipamentos individuais de gas.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo <http://www.xunta.es/servicios/>

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2009.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Corrección de erros.-Resolución do 12 de decembro de 2008 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de decembro de 2008, polo que se modifica a relación de postos de traballo da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.*

Advertido erro na Resolución do 12 de decembro de 2008, publicada no DOG nº 6, do venres 9 de xaneiro de 2009, é necesario facer a oportuna corrección:

-Na páxina 506, no centro de destino Delegación Provincial de Ourense:

-No posto «VP.C99.10.000.32001.011.- Posto base grupo A», na columna formación específica, debe dicir: «640».

-No posto «VP.C99.10.000.32001.052.- Posto base grupo D», na columna formación específica, debe dicir: «641».

-No posto «VP.C99.10.000.32001.053.- Posto base grupo D», na columna formación específica, debe dicir: «641».

-No posto «VP.C99.10.000.32001.054.- Posto base grupo D», na columna formación específica, debe dicir: «641».

-No posto «VP.C99.10.000.32001.055.- Posto base grupo D», na columna formación específica, debe dicir: «641».

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Decreto 40/2009, do 12 de febreiro, polo que se aproba o cambio de titularidade do treito comprendido entre os p.k. 5+000 e 5+050 da estrada 6101 (Bidueiro-Amedo) da Deputación Provincial de Pontevedra, a prol do Concello de Dozón.*

A teor do previsto no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a citada lei de estradas dispón no artigo 54, que as estradas provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquire características urbanas, entregaráselles aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da administración titular e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos organismos.